ACTIVIDADES

LER PARA SABER



rodeira


A

1. **Completa la ficha bibliográfica do libro:**

Título:

Autor/a:

Ilustrador/a:

Editorial:

Colección:

Ano de edición:

Lugar de edición:

ISBN:

Número de páxinas:

2. **Resume en tres liñas o argumento do libro.**

3. Fixémonos na portada do libro.

- Reflexiona sobre o título do libro:
  - Por que cres que o autor escolleu este título?

  - Que relación pode ter cos feitos que se narran nel?

  - Pensa un novo título para o libro.

- Fíxate na ilustración da portada e intenta enumerar os personaxes que aparecen nela.

4. Na portada do libro aparece o nome do ilustrador: Francisco Ruizge.

- En que consiste o traballo dun ilustrador/a?

- Busca información sobre o ilustrador do libro.

- Deseguido, propoñémosche que continúes este debuxo de Ruizge á túa maneira. Trátase de que imaxines e debuxes como terminarías o debuxo partindo deste fragmento de ilustración (que engadirías, se porías personaxes ou non etc.).

5. **Escribe unha frase con cada unha das seguintes palabras que aparecen no libro. Se non coñeces o seu significado, búscaas nun dicionario:**

PEBETEIRO
ALQUIMISTA
ZURRÓN
UNTURAS
MONTÍCULO
POTA

6. Deseguido, fai un breve resumo explicando que momento da novela che resultou:

- MÁIS EMOCIONANTE:

- MÁIS DIVERTIDO:

- MÁIS TRISTE:

- MÁIS ALEGRE:

7. Relaciona cunha frecha cada personaxe coa súa definición.

MORTIMER	☐	☐	Persoa que lle encarga ao profesor Haggath a apócema que fará revivir os mortos
HAGGATH	☐	☐	Celador do orfanato Monroe
WILKINS	☐	☐	Xornalista dun xonal local e membro dos Invisibles
PATRICK	☐	☐	Axudante do profesor Haggath
ARQUÍMEDES	☐	☐	Alquimista
CHARLES CONWAY	☐	☐	Gato do profesor

8. Vamos a centrarnos en el personaje del profesor Haggath:

- Como é ao principio do libro?

- Como é ao final do libro?

- En que cambiou?

- Por que cres que cambiou a súa actitude?

9. Ordena de modo cronolóxico as seguintes frases que aparecen na novela. Para iso podes consultar o libro.

☐ «A cara, as mans, os nocellos; en suma as partes do corpo que se vían, eran máis brancas ca a neve. Debaixo delas non había nin un indicio de carne».

☐ «A terra estaba tan removida coma a da señora Conway porque no seu interior xa non había ninguén ».

☐ «As primeiras persoas que o viron pasar ao galope esa mañá, non souberon dicir cal dos dous tiña os ollos máis desorbitados, se el ou o cabalo».

☐ «Horace e outros catro formaran unha especie de sociedade secreta. Cousas de mozos. Chamábanse Os Invisibles».

☐ «En primeiro lugar, debes levarllo antes das doce. En segundo lugar, debes entregar a botella intacta. Non a abras. Que non se derrame nin unha pinga!».

☐ «Mortimer mirou a última páxina. Alí inseríase un pequeno relato a catro columnas, cunha ilustración preciosa».

☐ «Wilkins apareceu alén da reixa. Mirouno co seu habitual xesto feroz. Porque Harold Wilkins, o celador, estaba igual».

10. **O libro está estruturado en catro partes e un epílogo. Fai un breve resumo do que se conta en cada unha destas partes da narración.**

PRIMEIRA PARTE: «A noite dos mortos viventes»
SEGUNDA PARTE: «O primeiro día»
TERCEIRA PARTE: «O segundo día»
CUARTA PARTE: «O último día»
EPÍLOGO: «Ao outro día...»

11. Mortimer viviu durante nove anos no orfanato antes de ser adoptado polo profesor Haggath.

- Cres que a alguén que foi adoptado lle pode custar adaptarse ao seu novo fogar? Por que?

- Cres que os nenos que están nos orfanatos queren ser adoptados? Xustifica a túa resposta.

- Coñeces alguén a quen adoptasen? Se é así, comenta brevemente o seu caso.

12. No capítulo 1 faise referencia á apócema que preparou o profesor Haggath.

- Busca na novela a cantidade de apócema que contiña a botella.

- Completa as seguintes equivalencias:

□ dal = 370 □ = □ = □ cl

□ ml = □ = □ dl = 1,8 □

□ l = □ = 63 □ = □ kl

4 hl = □ = □ = □ dl

13. Localiza na sopa de letras o nome de 7 dos personaxes que aparecen no libro.

M	O	R	T	I	M	E	R	I	L	W	P
E	Y	D	F	X	N	U	Q	M	Z	I	E
N	U	H	G	T	M	Y	E	V	A	L	T
O	I	A	H	P	A	T	R	I	C	K	I
T	O	G	J	C	L	R	A	X	D	I	G
M	P	G	K	V	O	U	R	C	R	N	R
I	G	A	R	D	S	R	M	A	T	S	E
L	A	T	L	B	I	E	X	F	D	C	W
P	S	H	Z	H	O	R	A	C	E	A	X

- Con cal destes personaxes te identificas máis? Xustifica a túa resposta

14. **Un dos compoñentes do grupo dos Invisibles converteuse nun xornalista e traballa nun xornal. Busca nalgún xornal da túa localidade unha noticia que creas interesante para comentarlles aos teus compañeiros/as de clase e pégaa aquí.**

15. **No libro faise referencia a «Arquímedes». Propoñémosche que decores este mandala inspirado na espiral de Arquímedes. Inténtao facer en silencio e concentrado.**

16. A historia que se narra na novela fai referencia ao ano 1867. Nesa época vivíase de modo moi distinto á actualidade. Imos reflexionar sobre os seguintes aspectos:

- Cantas horas á semana dedicas ás seguintes actividades:
  - Ver a televisión
  - Ler
  - Xogar a videoxogos
  - Navegar por Internet
- Como cres que sería a túa vida cotiá sen televisión?
- E sen ordenador?
- E sen videoxogos?
- Que é o que botarías máis de menos?

17. Na novela faise referencia ao cemiterio de Parr-Harway. Busca algún cemiterio coñecido da túa localidade.

- Cal é o cemiterio?

- Por que o escolliches?

- Enumera tres poboacións próximas a el.

- Localiza no Google Earth este cemiterio e coloca aquí a súa imaxe.

- Cales son as súas coordenadas?

18. **No libro fálase da amizade que une os membros que forman o grupo dos Invisibles e de como, tras a morte de Horace, os seus amigos se fixeron cargo do seu enterro pola amizade que os unía.**
Deseguido, propoñémosche que busques por Internet a canción *Yo soy tu amigo fiel,* da película *Toy Story.*



Despois de escoitala, reflexiona sobre as seguintes cuestións:

- Estás de acordo coa letra da canción? Xustifica a túa resposta.

- Cres que un bo amigo é aquel que sempre está onda ti? Por que?

- Tes amizades que consideras bos amigos? Por que motivo?

- E ti, considéraste un bo amigo? Razoa a túa resposta.

- Comenta as túas respostas cos compañeiros.

19. **Por parellas, relede o capítulo 18 do libro e pensade como vos gustaría que terminase o libro. Reescribide un novo final.**

20. Despois de ler o libro:

- Cres que a historia que se narra nel é unha historia fantástica ou podería tratarse dunha historia real? Xustifica a túa resposta.

- Gustouche este libro? Por que?

- Que é o que máis che chamou a atención da historia?

- Cambiarías algunha cousa do libro?

- Recomendaríaslle a algún amigo que o lese? Xustifica a túa resposta.